Boado - Mesía, 1979-12
**Informante:** Antonio (71)
**Compiladora**: Dorothé Schubarth
**Transcrición**: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

295. (16) 47) O muíño da Baldoña (16)
bota silvás darredor,
os mozos que van alí
todos perden a color.

300. 48) O muiño de meu pai (16)

Ordes IV, 2, Boado, Antonio 71 anos
CD 12, 16

IV,2,300. 48) O muíño de meu pai (16)
eu ben lle sei o tempero:
cando está alto beixalo,
cando está baixo erghelo.

303 49) Neniña ó teu portelo ? (16)
através [h]alle un ramello,
o meu becerro é veceiro I 194 ?
pódeche brincar no prado. I 238 ?

306. 50) Miña nai doume unha tunda (rianx.)
coa faldra da camisa,
miña nai,teña vergonza,
que vén a xente da misa.

310. 51) Miña nai doume unha tunda
co aro dunha peneira,
miña nai, teña vergonza,
que vén a xente da feira.

317. 52) O cura e maila criada (rianx.)
ordenaron de cocer-e,
a leña estaba no monte
a fariña por moer-e.

320. 53) Xa non vou, non vou, (17)
xa non vou alá,
na casa do cura
¿qué me quererá?
qué me quererá?
¿qué me ha de querer?
tén unha sobriña,
que lla vaia a ver.

324. 54) Entrei na casa do cura (rianx.)
e non vin mais qu'unha cama,
eráche de supoñer IV ~ 410
que dormía coa criada.
Xa non vou...

*Audio de procedencia: MPG_SchSa_0012_016_en_Ordes_IV_2_295*